

GUÍA DE COMENTARIO DE TEXTO

Para comentarmos un texto seguiremos os seguintes pasos:

1. Lectura e preparación
2. Clasificación do texto
3. Análise do texto
4. Comentario do texto
5. Crítica do texto

1.Lectura e preparación

-En primeiro lugar, faremos unha lectura xeral do texto que nos achegará a primeira idea arredor do seu significado. Non faremos ningunha anotación nin subliñado, só ler.

-En segundo lugar, faremos unha lectura comprensible. Nesta segunda lectura preparamos o texto, mediante:

O subliñado de termos: Saliéntanse aqueles máis de relevo, que son claves na comprensión do texto e que serán obxecto dunha análise posterior. Pode tratarse de nomes, datas, números, etc.

O subliñado de ideas primarias: Realízase sobre aquelas ideas que sinalan as liñas fundamentais do texto.

O subliñado das ideas secundarias:Reforza e complementa o anterior. Para maior claridade, é aconsellábel utilizar un trazo ou cor diferentes do precedente.

Anotacións marxinais: Son de extrema utilidade para sinalar bloques temáticos, facer chamadas aclaratorias, breves comentarios, etc. Podes utilizar chaves ou liñas que delimiten as devanditas anotacións.

2. Clasificación do texto

A clasificación correcta do texto constitúe o paso inicial da análise e comentario:

- a) Natureza
- b) Circunstancias espazo-temporais
- c) Autor
- d) Destino

a) Natureza do texto

Neste primeiro punto debe determinarse a temática do texto, sinalándoa precisa e brevemente. Segundo as súas características, un texto pode ser:

- Xurídico: cando ten **carácter legal**, emana de **fontes legais** ou establece normas de dereito, a nivel nacional ou internacional. Por exemplo: os apartados dunha Constitución.

-Histórico-literario: cando posúe un notorio carácter subxectivo, emanado directamente da **traxectoria persoal dun individuo** ou grupo, na que se reflicte ou proxecta o **proceso histórico: memorias, as autobiografías, as lembranzas históricas, as cartas e apuntamentos persoais**, os artigos de prensa, as obras literarias e de pensamento. Por exemplo: as afirmacións dun escritor arredor dun contexto histórico concreto.

-Narrativo: cando está relacionado ou emana dun feito, circunstancia ou proceso histórico determinado, en función do cal argumenta o autor. Son deste tipo os **discursos, as proclamas, as declamacións, resolucións ou acordos** desprovistos de carácter legal e os escritos ou informes de tipo económico ou social. Por exemplo: o discurso dun político ou personaxe histórica.

-Textos historiográficos: cando se trata da **obra dun historiador ou autor posterior aos feitos**, que son analizados cunha finalidade investigadora e científica. Entran neste grupo as **obras de Historia** en sentido amplo. Por exemplo: un fragmento dun libro sobre Historia.

-Outros tipos: **xudiciais, fiscais, contractuais, económicos, relixiosos, xeográficos**, etc.

Algúns textos poden ser clasificados ou incluídos en máis dun destes apartados.

b) Circunstancias espazo-temporais

Han de terse en conta para determinar cando e onde foi escrito o texto.

CANDO: Neste sentido, é imprescindible sinalar a **data exacta ou aproximada** na que o texto foi elaborado:

- Nos **textos que non inclúen data**, esta pode deducirse do **contido do texto**. En todo caso, ha de se sinalar o momento histórico ao que o texto corresponde **da maneira máis aproximada posíbel**.

- No caso dos **textos historiográficos** e no dalgunhas obras literarias (novela histórica, por exemplo) hai que sinalar **dúas datas**: aquela **na que escribe o historiador** ou autor e aquela sobre a que escribe, é dicir: a data na que se elabora o texto e a data **na que se sitúa a acción** de que fala.

ONDE: A **situación e circunstancias históricas** nas que o texto foi creado. Trátase aquí de sinalar o **contexto histórico** relacionado co texto.

c) Autor

-Cando o texto **TEN UN AUTOR** individual, hai que fixar a súa **identidade, situación persoal e as circunstancias históricas** nas que viviu; daranse unhas breves pinceladas biográficas e especificarase a súa relación co contido do texto.

-O **AUTOR NON FIGURA** no texto: en tal caso, débese identificar o **posible responsable polo contido**.

- Cando o texto teña **AUTOR COLECTIVO** é preciso establecelo **sinalando os diversos executores**, mais destacando entre todos eles **o máis significativo**.

d)Destino

Identifica **a quen se dirixe** o texto e os **obxectivos** que persegue:

-**A quen** vai destinado: se é a unha persoa individual ou a unha colectividade, e se a intención é que permaneza en segredo ou polo contrario sexa divulgado.

-Cal é a súa **finalidade**: se ten un carácter público ou privado, se é persoal u oficial se abrangue un ámbito nacional ou internacional. En definitiva, que pretende o seu autor ou autores.

3. Análise do texto

A análise baséase na explicación profunda do seu contido a través de:

Captación e esbozo da estrutura do texto resumindo e explicando cada unha das súas partes.

En cada unha desas partes definiremos de maneira precisa os nomes propios, os nomes técnicos, os de institucións e en xeral, todas as expresións significativas.

Aclararemos e precisaremos as alusións históricas, os datos e os feitos aos que se fai referencia.

En definitiva, facer un resumo das ideas principais do texto.

4. Comentario

Clasificado e analizado o contido, xa estamos en condicións de desenvolver o comentario. Trátase de tomar o texto como base para desenvolver un comentario sobre o momento histórico nos seus aspectos máis xerais. Consiste, pois, en facer unha completa exposición da idea principal, as causas e consecuencias do feito que se vai analizar. Pero “sen enrollarse”, hai que seguir o tema do que trata o texto.

En resumo:

- Límites cronolóxicos.
- Antecedentes (causas e circunstancias que orixinan o alcance do texto).
- Os feitos (contidos históricos do texto).
- Consecuencias (transcendencia do seu contido, é dicir, todo o máis importante que del se deriva).

6. Valoración e Crítica do texto

Trátanse das conclusións ás que se chegaron co texto. Pódense facer valoracións persoais, pero teñen que estar argumentadas e ser obxectivas. Non valen frases coma: “me gusta”, “es bonito”.

Pódese concluír con aspectos coma:

-A súa autenticidade e exactitude. Se consideras que hai erros ou é moi exacto.

-A súa sinceridade e obxectividade. Por exemplo: se o autor é un político, pode que o que di estea dende o seu punto de vista e teña uns obxectivos que non se corresponden de todo coa realidade.

-O seu interese, é dicir se se trata dun documento decisivo para a análise do momento histórico no que se inscribe ou fai referencia, ou polo contrario ten unha importancia relativa ou secundaria.